

THOMAS WOLFE

O neno perdido

Traducido por Ignacio Chao



Hugin e Munin

PRIMEIRA PARTE¹

A luz veu e marchou e volveu. As tronantes badaladas das tres da tarde resoaron por toda a cidade nun batifondo de bronces, e as airexas de abril arrincáronlle láminas de contrasol á fonte até que o chafariz amansou e volveu ameter ao que Grover entraba na praza.

Era un cativo serrote, de ollos escuros, cunha marca de nacenza no pescozo –similar a unha baga acastañada– e de expresión afable. Calmo de máis, aleuto de máis para os seus anos. Os zapatos luídos, as grosas medias de punto acanalado, suxeitas cunha baraza aos xeonllos, os pantalóns curtos, de corte recto, con tres botóns pequenos e inútiles aos lados, a blusa de mariñeiro, a vella e maltratada pucha, case sen feitío, ladeada sobre aquela cabeza de corvo, o lixoso e estragado macuto de lona, agora baleiro, pendurando

¹A tradución galega segue o texto fixado polo estudoso James W. Clark, Jr. para a edición estadounidense publicada por The University of North Carolina Press en 1992. Existen, con todo, outras dúas versións máis breves: a publicada orixinalmente na revista *Red-book*, de 1937, e mais a que aparece na escolma de relatos póstumos *The Hills Beyond* (Harper & Brothers, 1941).

do ombro, á espera das sabas² frescas da tarde. Tal indumento refaixeiro e desamañado anunciábao. Grover virouse e transitou pola cara norte da praza; nese intre foi testemuña da unión entre o para sempre e o agora.

A luz veu e marchou e volveu. O gran chafariz da fonte cirichou e os ventos de abril espaxeraron pola praza enteira un avelaño catasol de babuña. Os cabalos do departamento de bombeiros piafaron cun pateado inexpresivo, case desganado, namentres abaneaban as limpas e bastas colas con movementos secos. Os tranvías, chegados de todos os puntos do compás, emerxían na praza cada cuarto de hora, enroscados coma xoguete, na súa asidua composición de oito, e detíñanse brevemente. E un carro tirado por un barrufeiro troupeleaba nas lastras en fronte da tenda do seu pai. O sino do pazo de xustiza anunciou cun solemne repenique que eran as tres, e todo permaneceu exactamente igual a como sempre fora.

Grover observou con ollar sereno aquela aliaxe de formas atrapalladas, aquel miserento accidente de ladrillo e pedra, aquela marfallada de arquitecturas desordenadas que compuñan a praza, mais non se sentiu perdido. Porque pensou: «Velaquí está a praza como foi sempre..., e a tenda de papá, o parque de bombeiros e o concello, a fonte zurrichando auga polo cichón, a luz que vén e vai e volve, o vello carro co seu triquetraque, o barrufeiro, os tranvías que entran e paran durante un cuarto de hora; alí a ferraxaría da esquina e, cabo dela, a biblioteca coa torre e as ameas ao longo do tellado, tal cal un castelo antigo, a fileira de vellos edificios de ladrillo deste lado da rúa, a xente que

²Denominación popular dos xornais de gran formato (*broadsheets*).

